

DÍA INTERNACIONAL DAS BIBLIOTECAS

O 24 de outubro celebramos o Día das Bibliotecas Escolares, unha data que nos convida a parar, pensar e valorar todo o que unha biblioteca representa dentro da escola. Non é só un espazo cheo de libros: é un lugar onde nacen as ideas, onde a imaxinación colle forza, onde aprendemos a buscar respostas e tamén a facernos novas preguntas.

A importancia de escoitar ás novas xeracións e recoñecer a biblioteca como un espazo vivo, aberto e necesario

Neste contexto tan especial, o alumnado de 5º curso elaborou un manifesto que recolle a súa voz, os seus desexos e a súa visión sobre o valor das bibliotecas.



Ola a todos e todas, son Zampalibros a vosa mascota da biblioteca

A biblioteca escolar é un lugar acolledor, un espazo que moitos de nós empregamos para ler, aprender, descubrir, xogar, imaxinar e compartir cos compañeiros e compañeiras.

Un lugar onde nos sentímonos protagonistas de aventuras, contos e historias interminables.

Por elo, queremos que a biblioteca siga viva, chea de nenos e nenas con gañas de soñar con contacontos, proxectos, novidades e sobre todo... moitas gañas de ler.

É por iso que hoxe o equipo da biblioteca vós vai a agasallar cun marcapáxinas coa chave

que abrirá a porta do mundo máxico dos libros.

A nosa biblioteca é un tesouro. Coidémola e disfrutemos dela cada día (elaboración do alumnado de 5º primaria).

Manifesto